

## EXCURSIÓN A SANTO ANTÓNIO DE VALE DE POLDROS (MONÇÃO)

por  
F. XAVIER MARTINS

A principios de xuño o GMG realizou unha saída micolóxica ao Minho portugués. Visitáronse as estribacións da Serra da Peneda e nelas o lugar de Santo António de Vale de Poldros, freguesía de Riba de Mouros, concello de Monção.

A zona resultou moi interesante, xa que a vexetación arbórea, basicamente constituída por carballo negral (*Quercus pyrenaica*) e piñeiros do país (*Pinus pinaster*), formaba densas matas vexetais, aínda que nalgúns zonas presentaba sotobosque demasiado alto e denso, formado por toxos, xestas, queirugas e carqueixas. Só na parte máis alta, perto do Santo António nunha pequena plantación de abeto de Douglas (*Pseudotsuga menziesii*) o sotobosque era totalmente herbáceo e fresco («brandas» en portugués ou brañas en galego), o que aproveitan para pastar as «cachenas» e os «garranos». Foi neste lugar onde o grupo decidiu parar para comer.

Nun período do ano próximo ao verán e nun ano tan quente, non sorprendeu a escaseza de cogomelos, pero aínda así puideron observarse algunhas especies de *Amanita*, *Russula*, *Boletus* e *Scleroderma*, ademais dun magnífico exemplar de *Polyporus squamosus*. Sen embargo, o que máis chamou a atención a todos foron as construcións de Vale de Poldros.

A «Branda de Santo António de Vale de Poldros» é unha aldea de transhumancia, é dicir, un poboamento de montaña (1100 m de altitude) para onde os «brandeiros» conducían o gando durante os meses de verán co fin de aproveitar os pastos frescos. Gando co que descendían

---

<sup>1</sup>Membro do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire. e-mail: [fxaviermartins@sapo.pt](mailto:fxaviermartins@sapo.pt)



Fig. 1. «Cardenhas».

novamente para as súas localidades de orixe antes de chegar as invernadas, a partir de setembro. Está situada sobre o val glaciar do río Vez.

Esta aldea conserva casas e cortellos antigos, as «cardenhas» (fig. 1), semellantes, no tamaño e na forma, a pallozas, pero cos tellados construídos en falsa cúpula e cubertos por grosas pedras de granito. As edificacións máis antigas son pequenas e cunha única planta redonda, co chan de terra; máis tarde evolucionaron á forma cadrada e dúas plantas, unha para o gado e outra para a xente. Perto do poboamento atópase unha magnífica ermida do século XVIII dedicada a Santo Antón [de Lisboa], que nese día estaba preparándose para a festividade patronal do seguinte domingo.

No adro desta capela había grandes castiñeiros, moitos deles atacados pola vespa *Dryocosmus kuriphilus*, produtora da «bugalla dos castiñeiros» (fig. 2). Un parásito que, procedente de China, se expandiu por América do Norte e Europa. Primeiro apareceu en Italia (2002) e despois en Francia, Eslovenia, República Checa, Hungría, Croacia e España, para no 2014 ser detectada en Portugal e Alemaña. É responsable da morte de moitos dos castiñeiros plantados en todos estes países, tanto ou máis perigosa que a enfermidade da tinta (*Phytophthora* sp.).



Fig. 2. Bugallos de castiñeiro.